


# 1 Obxectivos e escenarios da PARTE III.

Neste **Apartado III** tratarase de abordar distintas técnicas de almacenamento remoto cos protocolos CIFS, NFS e iSCSI. Faremos uso de FreeNAS como servidor de almacenamento.


Por tanto veremos:

- A instalación de FreeNAS e a configuración dos volumes de almacenamento, incluíndo a configuración de volumes RAID para acadar alta dispoñibilidade no sistema de almacenamento.
  - A exportación de datos almacenados en FreeNAS por CIFS, NFS e iSCSI.
  - O acceso aos datos exportados dende Windows e Linux.
  - A conexión a un destino iSCSI dende VirtualBox
- As seguintes imaxes amosan os distintos escenarios que se van manexar na PARTE III




Este escenario amosa o acceso por CIFS dende equipos Windows e Linux a carpetas compartidas en FreeNAS

### Escenario 3.B: Exportación de unidades por NFS con FreeNAS




Este escenario amosa o acceso por NFS dende equipos Windows e Linux a carpetas compartidas en FreeNAS

### Escenario 3.C: Acceso a dispositivos iSCSI dende Windows




Este escenario amosa o acceso por iSCSI dende equipos Windows a dispositivos exportados dende FreeNAS

### Escenario 3.D: Acceso a dispositivos iSCSI dende Linux




Este escenario amosa o acceso por iSCSI dende equipos Linux a dispositivos exportados dende FreeNAS

### Escenario 3.E: Acceso a dispositivos iSCSI desde VirtualBox




Este escenario a conexión a un destino iSCSI desde VirtualBox para usar ese destino como disco dunha máquina virtual

### Escenario 3.F: Servidor de virtualización con Debian e discos das MVs almacenados en FreeNAS con iSCSI




Este escenario mostra unha implantación dun servidor de virtualización co almacenamento dos discos das máquinas en remoto con iSCSI.

### Escenario 3.F.2: Teleporting



Este escenario muestra a funcionalidade de *teleporting* de VirtualBox que permite migrar unha MV en funcionamento (*en quente*) dun host a outro.


### Escenario 3.G: Bonding / LAG



Este escenario mostra a configuração de enlaces redundantes con agregación de enlaces nunha NAS con FreeNAS e o acceso dende outra máquina.




### Escenario 3.H: Acceso a dispositivos iSCSI / MPIO desde Linux



Este escenario mostra a configuración de enlaces redundantes con MPIO sobre iSCSI nunha NAS con FreeNAS e o acceso desde unha máquina Linux.

### Escenario 3.I: Acceso a dispositivos iSCSI / MPIO desde Windows



Este escenario muestra a configuración de enlaces redundantes con MPIO sobre iSCSI nunha NAS con FreeNAS e o acceso desde unha máquina Windows.

-- Antonio de Andrés Lema e Carlos Carrión Álvarez --